

GALARDÓN A escritora ceense María Canosa acaba de recibir o VIII Premio Pura e Dora Vázquez, cunha obra na que reivindica o valor da "constancia"

"Ser paciente paga a **pena**"

As irmás Vázquez foron as primeiras que leron os textos cos que debíntaba nas letras, cando só era unha nena

Vanesa Oliveira · Santiago

A escritora ceense María Canosa acaba de facerse co VIII Premio Pura e Dora Vázquez na súa modalidade de narración—que concede a Deputación de Ourense— nunha edición especial, xa que está moi recente o pasamento de Dora Vázquez, a última das dúas irmás con vida e que tanta atención dedicara aos máis novos na súa escrita. Pero o vínculo de Canosa coas escritoras vai máis aló. "Recibir este premio para min é moi emotivo porque, aínda que probablemente elas xa non o lembrarían, Pura e Dora Vázquez foron as primeiras persoas que leron algúns dos meus textos. Foi Manuel Beirras, o impulsor da publicación da miña primeira obra, *Bramido Maino*, quen lles pasara o meu libro. Por iso, para min o galardón é un recoñecemento moral, mágoa que sexa cando xa non estea ningunha das dúas", sinala Canosa.

Textos escritos daquela con só trece ou catorce anos nos que a autora imaxinaba unha aldea para ela soa durante un verán chuvioso. Do mesmo xeito, a autora propón en *O papaventos de Laura* unha viaxe aos predios máis próximos que o xurado considerou "imaxinativa, alegre e fresca, nun contorno familiar cheo de tenrura". "Ás veces—comenta a autora—a tendencia da literatura infantil e xuvenil é ambientar as historias lonxe ou noutras épocas. Con esta novela, eu quixen volver ás historias de sempre, divertidas e próximas, pois entre os protagonistas pódese atopar a un veciño da túa vila".

"Loitar polos nosos sonhos acaba recompensándonos"

Ademais, o xurado destacou que o texto ten "un final educativo, é dinámico, rico e inxenioso, ademais de ser rico e atractivo para o proceso de ilustración". Con *O papaventos de Laura*, María Canosa fai un canto á "constancia", que, segundo di, "é unha liña que marcou a miña vida". "Na sociedade onde vivimos, todo se diversificou tanto que parece que non valoramos na súa xusta medida a importancia da tenacidade para conseguir as cousas. Loitar polos nosos sonhos, malia que iso implique facer esforzos, acaba recompensándonos. As cousas que custan moito valóranse máis. É como un aviso, sé paciente porque paga a pena", explica a autora.

O libro é unha narración "moi viva, chea de cores e movementos, como as historias de sempre. Cando



María Canosa publicou en Galaxia o ano pasado o libro de relatos 'Faíscas', dirixido a lectores adolescentes

"É UN RETO"

"A literatura infantil e xuvenil é unha experiencia moi gratificante"

María Canosa ten publicado tamén varios volumes colectivos. De feito, a súa obra poética está recollida en volumes como *O trasno rebuldeiro*. *Antoloxía de literatura infantil da Costa da Morte*, *Rumbo ás illas* e *Nós*, as tres publicadas en 1997.

Agora está a preparar un libro de poemas para primeiros lectores aínda que "non sei se o chegarei a publicar, iso xa depende das editoriais", comenta a escritora ceense.

En narrativa, ten publicado *Bramido maino* (1997), *A pedra de seixo* (1997), *Á espreita na penumbra* (1999) ou *Leo era un león* (2002). Ademais, en 2009, publicou *Entre papoulas*, na editorial Everest, e o libro de relatos *Faíscas*, en Galaxia, editorial que este ano, tamén tiorou do prelo *Matías, un pito de campionato*, con ilustracións de David Soler.

"Dende sempre, vin a literatura infantil e xuvenil como un

reto. Comecei a escribir de pequena para xente da miña idade, sobre cousas que me podían interesar a min e os nenos da miña vila. Despois decidín facer algo novo e foi entón cando me decatei que os contos para nenos son máis difíciles do que un pensa. Tes que usar frases curtas, palabras sinxelas, que eles coñezan. A literatura infantil e xuvenil é unha experiencia moi gratificante. Porque os nenos, cando len, teñen unha inocencia e espontaneidade únicas", asegura a autora.

Ademais do premio Pura e Dora Vázquez, María Canosa tamén acadou diversos premios, entre os que destacan o Concurso de Contos da Asociación Cultural O Facho (1986-1992), o Certame Literario Terra Cha da Asociación Cultural Xermolos (1989-1992), o certame Contos en Galego-ONCE (1992) e o certame Francisco Fernández del Riego (1993).

escribía, estaba pensando en que se puidese ilustrar", apunta. De feito, a segunda parte do premio comeza a partir de agora, xa que a Deputación de Ourense abre o prazo para ilustrar esta obra que se publicará o vindeiro ano.

Para esta ceense nada en 1978, filla da tamén escritora Concha Blanco—que tamén recibiu o Premio Pura e Dora Vázquez na súa sexta edición— a literatura supón unha parte "complementaria" á súa dedicación como enxeñeira de Camións, Canais e Portos. "A escrita é unha vía de escape e de desafogo para min. Por iso non me obsesiono con escribir. Non son unha escritora moi metódica. Todo o que teño publicado está escrito por pracer e por necesidade", afirma.

O xurado do Premio Pura e Dora Vázquez estivo presidido polo deputado de Cultura, José Luis Valladares, estivo integrado por Isabel Almuiña González (técnico da biblioteca da Deputación), José Manuel Fernández López (educador), Isaac Alonso Estraviz (educador, escritor e investigador) e Xoán Baborro González (ganador da pasada edición). Como secretario oficiou o director do Centro Cultural, Francisco González. ●